

José Ángel Valente, poeta europeo

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

José Ángel Valente, nacido en Ourense en 1929 e falecido en Xenebra no 2000, sen dúbida un dos escritores máis importantes das letras hispánicas do século XX, é tamén un dos intelectuais máis europeos da mesma época por vivencia biográfica, por vocación ideolóxica e por asimilación cultural¹. Así o reflecte a súa asombrante obra creativa, tanto poética como narrativa, e a súa lúcida reflexión intelectual a través do seu ensaio ou da súa propia metaliteratura, expresión sempre dunha verdadeira vangarda integral e dunha esixente conciencia crítica no ético e no estético.

Ademais, a riqueza de contidos, formas, xéneros, linguas e diálogos multiartísticos que presenta a súa obra, tan variada como coherente, está dobremente fundamentada na profunda asimilación da tradición máis canónica, da heterodoxia máis senlleira e da vangarda máis disolvente, pois dalgún xeito supón a ensamblaxe da mestría renacentista e barroca española; da arte da meditación das ascéticas e das místicas cristiás, xudías e musulmanas, e do espírito de ruptura do máis radical Romantismo alemán, do Simbolismo francés e inglés e das vangardas europeas do século XX. Deste xeito, a produción creativa de Valente é palimpsesto do máis alto desideratum da literatura occidental de todos os tempos: dende o inicial maxisterio de Quevedo e dos metafísicos ingleses do século XVII á posterior metapoética da modernidade representada por Lautréamont e Rimbaud, por Cernuda e Lezama ou por Celan e Jabès, pasando pola constante compañía de Juan de la Cruz ou polos descubrimentos de Hölderlin, da Cábala xudía, da mística sufi e do haikú oriental.

Así, a poesía de José Ángel Valente transcendeu absolutamente as estreitas marxes españolas da chamada xeración dos cincuenta e mesmo de toda a literatura española de posguerra, primeiro a través da rigorosa elaboración dun discurso ascético e logo do cultivo dun contradiscurso subversivo que o conduciu á radicalidade con que posteriormente afrontou o camiño da disolución dos discursos e abriu paso ao seu non

¹ O itinerario persoal de Valente apareceu relatado por el mesmo en Claudio Rodríguez Fer, “Entrevista vital a José Ángel Valente: de Ourense a Oxford”, *Moenia. Revista lucense de Lingüística & Literatura*, 4 (1998), Lugo, 1999, 451-464, e “Entrevista vital a José Ángel Valente: de Xenebra a Almería”, *Moenia. Revista lucense de Lingüística & Literatura*, 6 (2000), Lugo, 2001, 185-210.

discurso final, como evidencian os catro volumes que reúnen toda a súa obra poética: *Punto cero*, *Material memoria*, *Cántigas de alén* e *Fragments de un libro futuro*².

O DISCURSO ASCÉTICO (ELEXÍAS)

En efecto, tras iniciar a súa andaina poética na súa Ourense natal e cultivar o galego na súa xuventude universitaria compostelá, continuou o seu itinerario académico e literario en Madrid, onde se deu a coñecer con *A modo de esperanza* (1955), libro que comeza co poema “Serán ceniza...”, ao que a traxectoria e as propias declaracións de Valente converterían en base programática xeral de toda a súa obra, pois como o propio autor recoñeceu a propósito do “punto o límite extremo en que se hace imposible el decir” e do “no-lugar” de onde vén a palabra poética, “el lugar originario de la palabra, se constituía precisamente en el primer verso del primer poema de mi primer libro”: “Cruzo un desierto y su secreta / desolación sin nombre”.

Cruzo un desierto y su secreta
desolación sin nombre.
El corazón
tiene la sequedad de la piedra
y los estallidos nocturnos
de su materia o de su nada.

Hay una luz remota, sin embargo,
y sé que no estoy solo;
aunque después de tanto y tanto no haya
ni un solo pensamiento
capaz contra la muerte,
no estoy solo.

Toco esta mano al fin que comparte mi vida
y en ella me confirmo
y tiento cuanto amo,
lo levanto hacia el cielo
y aunque sea ceniza lo proclamo: ceniza.
Aunque sea ceniza cuanto tengo hasta ahora,
cuanto se me ha tendido a modo de esperanza.

Pero “Serán ceniza...”, obvia cita dos versos quevedianos sobre o amor constante máis alá da morte —“Serán ceniza, mas tendrán sentido, / polvo serán, mas polvo enamorado”— mostra tamén o maxisterio formal de Quevedo, con quen entronca a intensa e clara sobriedade e a rotunda e concisa precisión de toda a obra, composta

² A súa obra poética en castelán encóntrase actualmente en *Punto cero* e *Material memoria*, Madrid, Alianza, 1999, e *Fragments de un libro futuro*, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, 2000. A súa obra poética en galego está compilada en *Cántigas de alén*, Compostela, Consorcio de Santiago, 1996, con gravados de Eduardo Chillida, introdución de Claudio Rodríguez Fer e versión castelá de César Antonio Molina e do propio autor.

por poemas libres e breves, sempre en busca da máxima expresividade co mínimo artificio verbal.

Esta extraordinaria economía de medios, que produce unha impactante sensación antirretórica, está en relación tamén coa poesía lapidaria latina na que ás veces se inspira, pois, en efecto, a tradición funeral clásica revive en varios poemas elexíacos do libro, como “Lucila Valente”, “Epitafio” e “Aniversario”. No titulado “Una inscripción”, precisamente glosa dun epitafio romano, defende a sinxela espontaneidade da xente corrente e ataca a explotación clasista na Roma de Nerón, así como a complicidade descomprometida e insolidaria da nefasta poesía da época en obvia analogía coa situación política e poética da España franquista. Ademais, xa nesta obra inaugura a súa temática anxélica e enlaza coa poesía mística de Juan de la Cruz, poeta que irá cobrando unha progresiva presenza na súa produción lírica e ensaística, así como evidencia resonancias de autores que o acompañarán sempre, como Rimbaud, Kafka ou Cernuda. Polo demais, a sección “Patria, cuyo nombre no sé” mestura biografía persoal con vivencia colectiva, poñendo en cuestión a concepción oficial da realidade e da patria durante o franquismo.

Precisamente farto do pobre e opresivo panorama da España franquista, instalouse en 1955 na Universidade de Oxford, e, dende 1958, exerceu como funcionario da O.N.U. en Xenebra. Neste tránsito naceu *Poemas a Lázaro* (1960), libro constituído en torno á idea do paso pola morte para volver á vida. Unha cita de Donne pon en evidencia o interese do autor pola poesía metafísica inglesa do século XVII, pois non en van o propio poeta traducira a aquel ao castelán. O afán por superar a escisión entre corpo e alma ou materia e espírito dos metafísicos ingleses, xunto á materia espiritual de Quevedo, estará na base da carnalidade poética de toda a meditación valentiana.

Tamén son notables aquí as composicións netamente metapoéticas, como “Objeto del poema”, sobre o coñecemento en poesía, e “El cántaro”, sobre a forma, en sintonía coa idea de Goethe de que a arte consiste en dar forma, así como os poemas de carácter eminentemente histórico, político e social, ás veces alusivos ou relativos á cuestión do lugar, como “Sobre el lugar del canto”, vindicación do lugar fronte aos tan alienados conceptos de Patria ou de España, como espacio para a reconciliación e a liberdade, ou “Cementerio de Morette-Glières, 1944”, homenaxe aos refuxiados españois da guerra civil mortos defendendo contra os nazis unha terra que non era a súa:

No reivindicaron
 más privilegio que el de morir
 para que el aire fuese
 más libre en las alturas
 y los hombres más libres.

Ahora yacen,

con su nombre o anónimos,
 al pie de Glières y ante la roca pura
 que presencié su sacrificio.

Hombres

de España entre los muertos
de la Alta Saboya:
ellos lucharon por su luz visible,
su solar o sus hijos, más vosotros
sólo por la esperanza.

La nieve aún dura prodigiosamente
viva en el aire mismo
donde morir fue un puro
acto de fe o de supervivencia.

¿Quién podría decir que murieron en vano?

Al cielo roto y a la tierra vacía,
a los pueblos de España,
a Herbás, a Mula, a todas
las islas Baleares,
a Mendavia, Viñuelas,
Ambrán, La Almunia,
Terrecampe, Tembleque,
devuelvo el nombre de sus hijos:

Félix

Belloso Colmenar, Patricio
Roda, Gabriel Reynes o Gaby, Victoriano
Ursúa, Pablo Hernández,
Avelino Escudero,
Paulino Fontava, Florián Andújar,
Manuel Corps Moraleda.

Otros duermen tal vez
bajo una cruz desnuda, lejos
de su país, de su memoria, donde
todos los muertos son
un solo cuerpo ardiente:
carne nuestra, palabra,
historia nuestra que no conocimos,
sangre sonora de la libertad.

O CONTRADICURSO SUBVERSIVO (SÁTIRAS)

Radicado xa en Xenebra, coñece directamente o mundo do exilio e, aínda que colabora nalgunhas das súas empresas, parécelle un círculo anquilosado no que só valora a intelectuais como o institucionista Alberto Jiménez Fraud, o novelista Max Aub e a filósofa María Zambrano, con quen tivo un encontro decisivo na súa vida e na súa obra. No primeiro lustro dos sesenta escribiu *La memoria y los signos* (1966), pero boa parte dos seus poemas foran xa adiantados na antoloxía *Sobre el lugar del canto* (1963). A cita inicial de Hölderlin, alusiva ao "tempo de miseria", revela que a intención do poeta é agora a denuncia do falso e a revelación do oculto, polo que nestes

versos predominará o histórico, o social e o político, servindo a contenda civil española como telón de fondo para moitos poemas, como “Tiempo de guerra”, que evoca a súa época de neno da guerra; “John Cornford, 1936”, que recorda a morte do poeta comunista inglés, bisneto de Darwin, loitando voluntario contra o fascismo como membro das Brigadas Internacionais, ou os diversos en que condena a falsificación da verdade.

A lembranza da súa infancia e da súa terra natal dominan argumentalmente a súa visión da sordidez da adolescencia e da escuridade provinciana, pero o poeta non renuncia aos desprazamentos a outros personaxes en casos como “Maquiavelo en San Casiano”, reflexión sobre o intelectual, o poder e o exilio a través dun personaxe histórico que fala en primeira persoa e que termina:

Se apaciguan las horas, el afán o la pena.
 Habito con pasión el pensamiento.
 Tal es mi vida en ellos
 que en mi oscura morada
 ni la pobreza temo ni padezco la muerte.

Nos anos sesenta, publicou aínda dous libros de configuración monográfica: *Siete representaciones* (1967), que se articula en torno aos pecados capitais en sintonía coa tradición plástica medieval e cun ton irónico, violento e mesmo apocalíptico, e *Breve son* (1968), que contén poemas breves, moitos deles á maneira da canción tradicional. A súa composición inicial, de carácter metapoético, homenaxea a Rosalía de Castro, pero tamén son metapoéticas as alusións a Lautréamont e á súa radical idea de que a poesía ten por fin a verdade práctica, desvelando o encuberto e os principios de todo.

Un poeta debe ser más útil
 que ningún ciudadano de su tribu.

Un poeta debe conocer
 diversas leyes implacables.

La ley de la confrontación con lo visible,
 el trazado de líneas divisorias,
 la de colocación de un rompeaguas
 y la sumaria ley del círculo.

Ignora en cambio el regicidio
 como figura de delito
 y otras palabras falsas de la historia.

La poesía ha de tener por fin la verdad práctica.

Su misión es difícil.

A fins dos anos sesenta escribiu aínda dúas obras máis, ambas publicadas en 1970 e instaladas no exilio no seu sentido máis profundo e radical: o breve opúsculo *Presentación y memorial para un monumento*, crítica demoledora de toda represión, independentemente da ideoloxía que a practique, a través da deconstrución das lin-

guaxes totalitarias e do uso irónico da técnica do collage (tal vez influencia de Pound), e a publicada en México *El inocente*, obra que supuxo o regreso á pureza da inocencia despois da viaxe infernal polo tempo da historia, pero na que para alcanzar esta nova fase se considera necesario destruír o vello e corrupto mundo circundante a través da disolución do mundo convencional, do recordo da infancia e da linguaxe herdada, alcanzando autocriticamente á súa propia produción poética anterior. Aquí xorde como alter-ego o “Agone” de Lautréamont, que reaparecerá en obras futuras, e o poeta postula como exemplos a Lautréamont e a Rimbaud, na mesma liña de vindicación revolucionaria na que se inscribe un poema-tradución de Artaud. Pero a quen erixe expresamente como “maestro” é a José Lezama Lima, que seguirá sendo cualificado como tal posteriormente. Tamén é moi significativa a poetización do místico heterodoxo Miguel de Molinos, de quen el mesmo será reiterado editor e estudoso e con quen asume plenamente o exilio como lugar inevitable da estranxeiría que reside en toda condición humana: “extranjero, engendrado por tu tierra / extranjero, como todos nosotros”.

A DISOLUCIÓN DOS DISCURSOS (FRAGMENTOS)

En 1972 —e, ampliado, en 1980— publicou *Punto cero*, reunión depurada das súas obras anteriores que incluíu a inédita “Treinta y siete fragmentos” (non editada independentemente ata 1979) e que ten como elemento unificador a concepción fragmentaria da obra poética, pois esta non pode ser máis que un resto o retallo do absoluto ao que se aproxima. A técnica do fragmento reaparece en *Interior con figuras* (1976) e *Material memoria* (1979), libros heteroxéneos, pero conectados entre si (en ambos aparecen poemas en prosa) e cheos de resonancias da súa obra anterior.

Treinta y siete fragmentos, *Interior con figuras* e *Material memoria* participan da técnica fragmentaria e do permanente facerse da obra inacabada, dimensión que xa nunca abandonará o poeta, posto que a considera, como escribiu en *Variaciones sobre el pájaro y la red*, “uno de los elementos de la radical modernidad”. Pero a valoración do fragmento, con tantos antecedentes na obra valentiana, encóntrase tamén en toda a poesía moderna (Novalis, Baudelaire, Mallarmé, Valéry, Eliot), apréciase na narrativa (*Rayuela*, de Cortázar) e sintoniza coa estima polo aforismo na filosofía contemporánea (Nietzsche, Cioran), xénero este que Valente cultivou en diversas autopoéticas fragmentadas, finalmente reunidas en *Notas de un simulador* (1997).

En 1980, ao disertar en Xenebra sobre as *Cántigas* galaico-portuguesas de Alfonso X o Sabio, reencontrouse coa lingua orixinaria, produto do cal será o poemario *Sete cántigas de alén* (1981), logo ampliado en *Cántigas de alén* (1989), e que, complementado con outros escritos en prosa de motivación galaica recollidos en *Material Valente* (1994), compuxo o corpus da súa última edición, publicada en 1996. Galicia —e, particularmente, a súa cidade natal— tivera xa unha notoria presenza na súa obra castelá, pero é na produción galega onde se manifestará de maneira máis intensa e profunda a súa poética da orixe.

Dende moi novo asumira Valente a ensinanza evanxélica de que no principio era a palabra, casa e fundamentación do ser para Heidegger, pero tamén sabía que a palabra galega era casa e fundamento do ser primixenio, pois con frecuencia se intúe revestida dunha aureola natural e intocada, dotada de poder e de vida (na poesía de Pimentel, os termos galegos encarnan as cousas fronte aos casteláns, que só as designan). Valente inscíbese, pois, na tradición antropolóxica do logos espermático que reflecte Valle-Inclán cando o povo “intuye el latín ignoto de las divinas palabras”. Naturalmente, as múltiples conexións galaicas de Valente acentúanse na súa obra en galego, como é obvio no caso do cancionero alfonsí e de toda a tradición lírica medieval e popular, así como de Rosalía de Castro, obxecto de poemas e ensaios, e con outros autores contemporáneos (Risco, Manuel Antonio, Dieste, Pimentel). Por iso o seu retorno ao galego é tamén o dun emigrante inmóbil que levou consigo as súas raíces, como di nunha cantiga:

Voltei. Nunca partira.

Alongarme somente foi o xeito
de ficar para sempre.

Valente expuxo a súa poética da orixe en *La piedra y el centro*: “Palabra total y palabra inicial: palabra matriz. Toda palabra poética nos remite al origen, al arkhé, al limo o materia original”. Na súa búsqueda de tal matricial palabra, á vez provinte e portadora dese “limo original de lo viviente”, recorreu máis dun camiño hermenéutico a través dos territorios das marxes (exilio interior e exterior, erotismo e muller, fronteiras ascéticas e místicas) e recorreu a máis dun vehículo lingüístico (incluso o da lingua desposuída e periférica), poñendo en evidencia que, quizais, para atopar o rumbo hai que ir á deriva ou, o que é o mesmo, que para alcanzar o centro hai que atravesar as periferias.

O NON DISCURSO MÍSTICO (DITIRAMBOS)

O descubrimento da Cábala xudía provocou toda unha revisión filosófica e creativa en Valente, como evidencia o libro, de extraordinario hermetismo simbólico, *Tres lecciones de tinieblas* (1980), consistente nunha serie de mónadas que se corresponden coas primeiras letras do alfabeto hebreo, e en sintonía co xénero musical, de tipo sacro, así denominado. A obra parte da nada que representa a primeira letra, o Alef, é dicir, a ausencia: “El punto donde comienza la respiración”. O propio poeta realizou unha autolectura esencial para comprender o seu sentido como “canto de la germinación y del origen o de la vida como inminencia y proximidad”. Pero ao xa demostrado interese polas místicas cristiás e xudías, manifestas nos ensaios e edicións que dedicou a Juan de la Cruz e na citada conexión cabalística, sumou unha notoria atención a outras culturas orientais e, particularmente, ao sufismo, como pode apreciarse na súa narrativa e no seu ensaio.

En sintonía con todo isto e mesmo coa súa vinculación a Almería, onde se instalou nos anos oitenta, publicou obras abraiantes pola forza da súa luz interior e am-

biental, como *Mandorla* (1982), que toma o seu título da améndoa mística e da representación plástica de Cristo no óvalo que traduce a vulva matriz, evidenciando a disolución das escisións cristiás entre alma e corpo ou espírito e materia. Esta obra, influenciada por Celan, poeta moi estimado e traducido por Valente, contén ecos da antropoloxía simbólica utilizada por Eliot e mostra a comunión mística entre o erótico e o relixioso a través do corpo feminino, concibido como materia na que se disolven todas as escisións. Así sucede no poema “Graal”, onde a muller é o simbólico cáliz sagrado no que o poeta se funde e se confunde, échese e baleira, disólvese e intégrase:

Respiración oscura de la vulva.

En su latir latía el pez del légamo
y yo latía en ti.

Me respiraste

en tu vacío lleno
y yo latía en ti y en mi latían
la vulva, el verbo, el vértigo y el centro.

Na mesma liña, *El fulgor* (1984) poetiza a transcendencia a través do corpo ou a materia a través da mística. Trátase, pois, dunha mística materialista que alcanza a súa plenitude na unión erótica, como en *Mandorla*, aínda que tamén reaparezan as figuras de Cristo e Lázaro con novos sentidos. Por iso todo termina no “absoluto fulgor”:

Y todo lo que existe en esta hora
de absoluto fulgor
se abrasa, arde
contigo, cuerpo,
en la incendiada boca de la noche.

Toda a súa obra poética escrita dende 1979 compilouse baixo o título de *Material memoria* en 1992 e, actualizada, en 1995, incluíndo xa, por tanto, as súas últimas obras: *Al dios del lugar* (1989), onde, á maneira do ditirambo sacro, parece seguir pegadas, mediante a disolución nas orixes e a extrema tensión da palabra, que o aproximan ao lugar do deus como recinto sagrado e material, e *No amanece el cantor* (1992), escrito en prosa, e onde progresa na inminencia e insiste na absoluta desposesión, inspirándose agora, en boa medida, na dura experiencia da dor tras a prematura morte do seu fillo Antonio: “NI LA PALABRA ni el silencio. Nada pudo servirme para que tú vivieras”.

Dende 1992, Valente foi publicando, en diferentes medios periodísticos e nos opúsculos que baixo o título de *Nadie* viron a luz en 1994 e 1996, diversos poemas que, segundo moitas veces declarou, formaban parte dun teleolóxico proxecto de “Fragmentos de un libro futuro” que algún día e xunto a outros textos inéditos se reunirían nun volume, supostamente póstumo, da súa produción lírica final. E tal libro foi, precisamente, o titulado *Fragmentos de un libro futuro* (2000), derradeiro poemario de Valente. Concibido como un aberto itinerario lírico cronoloxicamente identificable co derradeiro itinerario vital do autor, esta especie de diario en marcha ata a in-

evitable dobre extinción biográfica e poética resulta tan novidosa no panorama literario como entroncada coa súa obra anterior.

Pero, aínda que sexa obvio que *Fragmentos de un libro futuro* é o primeiro libro póstumo de Valente, pódese dicir ademais que non só o resulta en sentido estrito, simplemente por ter sido publicado por primeira vez despois da súa morte, senón tamén, nun sentido máis profundo, por obedecer a unha tan radical poética da ruptura, a unha vivencia do límite tan extrema e a unha aproximación á nada tan disolvente que o converten nun auténtico testemuño ou mesmo estremecedor testamento escrito e vivido dende a outra ladeira da vida por alguén que parece ter intuído ou albiscado o outro lado ou a outra cara da existencia ou da non existencia humana: “cuando estás ya del otro lado / de tu propio existir”, di o poeta en “Piazza S. Marco, 1996”. Valente escribe estes poemas despois da morte do seu fillo, xa protagonista da sección “Paisaje con pájaros amarillos” de *No amanece el cantor*, e, conseguintemente, na época en que el mesmo experimenta graves quebrantamentos da súa saúde e incluso, como dixo tantas veces, verdadeiros avisos dun fin que podía estar próximo ou que, alomenos, xa sentira como inminente algunha vez ou mesmo que xa experimentara dalgún xeito: “El flujo de vivir se ha ido deteniendo imperceptible”, declara en “Luces hacia el poniente”. E con máis rotundidade afirma en 2Ni siquiera”: “Todo parece ahora / llevar-te a la extinción”.

Esta sensación de acabamento é, precisamente, a que dá o seu pleno sentido a estes *Fragmentos de un libro futuro*, como manifesta “Proyecto de epitafio”:

De ti no quedan más
que estos fragmentos rotos.

Que alguien los recoja con amor, te deseo,
los tenga junto a sí y no los deje
totalmente morir en esta noche
de voraces sombras, donde tú ya indefenso
todavía palpitas.

Pero no tránsito onde queda a memoria do bo e a memoria do malo, o recordo dos afectos persoais e artísticos e a constancia da impiedade e da morte, resplandece o amor, a xeito de “SOS”:

Al norte
de la línea de sombras
donde todo hace agua,
rompientes,
en que el mar océano
se engendra o se deshace,
y el naufragio inminente todavía
no se ha consumado, ciegamente
te amo.

En suma, o centro ao que se ascende e ao que se descende na poesía de Valente está en todas partes, porque aínda que a vida pase, intégrase na memoria viva da ma-

teria permanente e acaso incognoscible, como precisamente resume o poema titulado “Centro”, non alleo ao erotismo esencial e cósmico característico do poeta: “Alrededor de la hembra solar aún sigue girando oscuro el universo”.

NARRADOR, ENSAÍSTA E TRADUTOR

Pero as excelencias de Valente como poeta non deben facernos esquecer as que o caracterizan como prosista, tan valoradas pola súa perfección borgeana como temidas polos poderes totalitarios que fustiga. En efecto, cultivador da máis rigorosa e demoledora prosa narrativa, a súa primeira obra neste xénero, *Número trece*, foi sequestrada pola censura franquista e ocasionoulle un auto de procesamento, pero os contos que a compuñan foron rescatados posteriormente e reunidos no conxunto “*El fin de la edad de plata*” seguido de “*Nueve enunciaciones*”³.

Como ensaísta e crítico literario colaborou moi asiduamente na prensa cultural e diaria, ás veces en modo polémico, pero sempre valente e esclarecedor. Boa parte dos seus primeiros ensaios literarios foron reunidos en *Las palabras de la tribu*, mentres que moitos outros relacionados coa mística están incluídos en “*Variaciones sobre el pájaro y la red*”, precedido de “*La piedra y el centro*” ou apareceron a propósito das súas edicións de Miguel de Molinos e sobre Juan de la Cruz. Postumamente apareceu unha compilación dos seus artigos sobre arte e estética, *Elogio del calígrafo*, e outra de artigos sobre literatura e cultura, *La experiencia abisal*⁴.

E cómpre non esquecer tampouco o seu importante labor como tradutor de diversas linguas ao castelán, como evidencian as súas versións, dende o inglés, de Donne, Keats, Hopkins ou Dylan Thomas; dende o alemán, de Celan; dende o italiano, de Montale; dende o francés, de Péret, Jabès e Camus, e dende o grego, do evanxélico *Kata Ioanem* e de Cavafis, así como a súa tradución de Hölderlin dende o alemán ao galego, reunidas todas elas no libro *Cuaderno de versiones* (2002)⁵.

Por suposto, as súas múltiples aportacións á cultura contemporánea non pasaron desapercibidas á hora de certos recoñecementos, tantos e tan importantes que non podemos enumerar aquí. Ademais, traducida e recoñecida mundialmente nos máis esixentes medios intelectuais, a súa obra mereceu a atención de importantes estudosos e escritores relacionados con significativos ámbitos de Europa, de África e de América, como pode comprobarse na xa moi nutrida bibliografía existente sobre aquela e nos encontros internacionais que leva suscitado⁶.

³ “*El fin de la edad de plata*” seguido de “*Nueve enunciaciones*”, Barcelona, Tusquets, 1995.

⁴ “*Variaciones sobre el pájaro y la red*” precedido de “*La piedra y el centro*”, Barcelona, Tusquets, 1991; *Elogio del calígrafo*, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2002; *La experiencia abisal*, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2004.

⁵ *Cuaderno de versiones*, edición e introdución de Claudio Rodríguez Fer, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2002.

⁶ Véxase Bibliografía.

Pouco antes de morrer, Valente foi investido doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela, da que fora alumno. Foi a última vez que visitou Galicia. Neste sentido, como escribiu Rosalía e parafraseou o propio Valente: “Se fue en el viento, / volvió en el aire”. En efecto, foise co vento, pero volveu no aire. Levouno o vento da historia que nos desenxendrabá e que nos esterilizaba, pero volveu co aire crítico e creativo que nos permitiu respirar en liberdade. Porque coa súa obra viñeron os catro elementos que conforman ou que deben conformar o noso mundo e que sempre lle agradeceremos: o lume purificador, a auga orixinaria, a terra desprovista de poderes, o aire libre, en fin, que para sempre o trouxo na palabra.

Unha palabra que só o abandonou cando chegou ao cume, pois, como si houbera consagrado a súa vida á poesía para escribir un único e último poema, Valente terminou *Fragmentos de un libro futuro* alcanzando a súa particular e á vez universal cima do canto, pois a despersonalización e a fusión propias do haikú e en xeral da poesía do Extremo Oriente⁷, difuminadoras do eu e integradoras de todo, quedaron para sempre contidas nos seus versos verdadeiramente máis definitivos:

Cima del canto.
El ruiseñor y tú
ya sois lo mismo.

BIBLIOGRAFÍA DE JOSÉ ÁNGEL VALENTE

POESÍA

- A modo de esperanza*, Madrid, Rialp, 1955.
Poemas a Lázaro, Madrid, Índice, 1960.
La memoria y los signos, Madrid, Revista de Occidente, 1966.
Siete representaciones, Barcelona, El Bardo, 1967.
Breve son, Barcelona, El Bardo, 1968.
Presentación y memorial para un monumento, Madrid, Poesía para Todos, 1970.
El inocente, México, Joaquín Mortiz, 1970.
Interior con figuras, Barcelona, Barral, 1976.
Material memoria, Barcelona, La Gaya Ciencia, 1979.
Tres lecciones de tinieblas, Barcelona, La Gaya Ciencia, 1980.
Sete cántigas de alén, presentación de Xesús Alonso Montero, Sada - A Coruña, do Castro, 1981.
Mandorla, Madrid, Cátedra, 1982.
El fulgor, Madrid, Cátedra, 1984.
Al dios del lugar, Barcelona, Tusquets, 1989.
Cántigas de alén, estudo preliminar de Claudio Rodríguez Fer e tradución ao castelán de César Antonio Molina, Barcelona, Ambit, 1989.
Treinta y siete fragmentos, prólogo de Antonio Domínguez Rey, Barcelona, Ambit, 1989.

⁷ Boa parte da poesía orientalizante de Valente foi presentada e reunida en manuscritos sobre tea na obra *Cima del canto*, edición e introdución de Claudio Rodríguez Fer, con serigrafías e aguafortes de Coral, Valladolid, El Gato Gris, 2001.

No amanece el cantor, Barcelona, Tusquets, 1992.

Nadie, Teguise - Tenerife, Fundación César Manrique, 1996.

Fragmentos de un libro futuro, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2000.

Recompilacións de poesía

Punto cero (Poesía: 1953-1971), Barcelona, Barral, 1972.

Punto cero (Poesía 1953-1979), Barcelona, Seix Barral, 1980.

Material Memoria (1979-1989), Madrid, Alianza, 1992.

Material Memoria (1979-1992), Madrid, Alianza, 1995.

Cántigas de alén, edición e introdución de Claudio Rodríguez Fer e tradución ao castelán do poeta e de César Antonio Molina, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, 1996.

Obra poética. 1. Punto cero (1953-1976), Madrid, Alianza, 1999.

Obra poética. 2. Material memoria (1977-1992), Madrid, Alianza, 1999.

Antoloxías poéticas

Sobre el lugar del canto, polo autor, Barcelona, Literaturas, 1963.

Noventa y nueve poemas, por José-Miguel Ullán, Madrid, Alianza, 1981.

Entrada en materia, por Jacques Ancet, Madrid, Cátedra, 1985.

El fulgor, por Andrés Sánchez Robayna, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 1998.

El vuelo alto y ligero, por César Real Ramos, Salamanca / Madrid, Universidad de Salamanca / Patrimonio Nacional, 1998.

Las insulas extrañas. Antología de la poesía en lengua española (1950-2000), polo autor, Eduardo Milán, Andrés Sánchez Robayna e Blanca Varela, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2002.

NARRATIVA

Número trece, Las Palmas, Inventarios provisionales, 1971.

El fin de la edad de plata, Barcelona, Seix Barral, 1973.

Nueve enunciaciones, Málaga, Begar, 1982.

Recompilación da narrativa

“*El fin de la edad de plata*” seguido de “*Nueve enunciaciones*”, Barcelona, Tusquets, 1995.

Ensaio e textos afíns

Las palabras de la tribu, Madrid, 1971; 2.^a ed. brevemente aumentada, Barcelona, Tusquets, 1994.

“Ensayo sobre Miguel de Molinos” e edición de Miguel de Molinos, “*Guía espiritual*”, seguida de la “*Defensa de la contemplación*”, por vez primera impresa, Barcelona, Barral, 1974.

La piedra y el centro, Madrid, Taurus, 1982.

Lectura en Tenerife, Universidad Internacional Menéndez Pelayo, Santa Cruz de Tenerife, 1989.

“Anotaciones preliminares” e edición de Miguel de Molinos, *Guía espiritual. Defensa de la Contemplación (Fragmentos)*, Madrid, Alianza, 1989.

- “*Variaciones sobre el pájaro y la red*” precedido de “*La piedra y el centro*”, Barcelona, Tusquets, 1991.
- “Noticia incierta”, prólogo a San Juan de la Cruz, *Cántico espiritual y Poesías. Manuscrito de Jaén*, vol. II, Junta de Andalucía - Turner, Madrid, 1991.
- Con José Lara Garrido, *Hermenéutica y mística: San Juan de la Cruz*, Madrid, Tecnos, 1995.
- Notas de un simulador*, Madrid, La Palma, 1997.
- Elogio del calígrafo*, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2002.
- La experiencia abisal*, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2004.

TRADUCCIÓN

- Constantino Cavafis, *Veinticinco poemas*, Málaga, Caffarena & León, 1964.
- Constantino Cavafis, *Treinta poemas*, Barcelona, Ocnos, 1972.
- Lectura de Paul Celan: Fragmentos*, Segovia, Instituto de Bachillerato “Francisco Giner de los Ríos”, 1993; 2.ª ed., corrixida e ampliada, Barcelona, Rosa Cúbica, 1995.
- Albert Camus, “El extranjero”, en *Obras. I*, Madrid, Alianza, 1996, e *El extranjero*, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2001.

Recompilación das traducións

- Cuaderno de versiones*, edición e introdución de Claudio Rodríguez Fer, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, 2002.

LIBROS DE ARTE E FOTOGRAFÍA

- Originales 5*, con cinco gouaches de Luis Pessa e cinco textos de José Ángel Valente, José Agustín Goytisolo, Carlos Franqui, Orlando Blanco y Juan Arrocha, Ginebra, Ediciones de Arte: B. Serempus, 1972.
- Emblemas*, con cinco serigrafías de Antonio Saura, Valladolid, Carmen Durango, 1978.
- El péndulo inmóvil*, con tres augafortes de Antoni Tàpies, Ginebra, Editart, 1982.
- Desaparición figuras*, con doce litografías de Paul Rebeyrolle, Ginebra, Editart, 1982.
- Nostalgia del dragón y del laberinto*, con seis litografías de Valerio Adami, Jorge Camacho, José Luis Cuevas, Edouard Pignon, Antoni Tàpies e Camilo Franqui, París, Labyrinth, 1986.
- Calas*, con fotografías de Jeanne Chevalier e texto de Erica Pedretti, Bienne, Canal - Junta de Andalucía, 1989.
- Raíz de lo cantable*, con dez linograbados de Jürgen Partenheimer, Madrid, Elba Benítez Galería, 1991.
- Las ínsulas extrañas. Lugares andaluces de San Juan de la Cruz*, con fotografías de Manuel Falces, Madrid, Junta de Andalucía / Turner Libros, 1991.
- Cabo de Gata. La memoria y la luz*, con fotografías de Manuel Falces, Granada, Unicaja, 1992.
- Del negro al blanco*, con fotografías de Jean Bescos e texto de Claudio Rodríguez Fer, Nantes - Galicia, Fundación Caixa Galicia, 1995.
- Estar Estarse*, con sete augafortes de Rafa Forteza, Girona, Arcadi Calzada y Teresa Viñas, 1995.
- Campo. Cabo de Gata*. Níjar, con fotografías de Jeanne Chevalier, Murcia, Mestizo, 1995.
- Cántigas de alén*, edición e introdución de Claudio Rodríguez Fer e tradución ao castelán do poeta e de César Antonio Molina, con catro gravados de Eduardo Chillida, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, 1996.
- Tres lecciones de tinieblas*, con gravados de Rafael Pérez Carrió, Ourense, Ediciones Linteo, 2000.

- José Ángel Valente. Para siempre, la sombra*, con fotografías de Manuel Falces, Madrid, Fundación Telefónica, 2001.
- Cima del canto*, edición e introducción de Claudio Rodríguez Fer, con serigrafías e aguafortes de Coral, Valladolid, El Gato Gris, 2001.
- A palabra e a súa sombra. José Ángel Valente: o poeta e as artes*, catálogo da exposición homónima, con textos de Luis Iglesias Feijoo, Antonio Monegal, Claudio Rodríguez Fer e Rocío Santa Cruz e obra artística de deceas de autores (Goya, Luis Fernández, Tàpies, Saura, Oteiza, Chillida, Rebeyrolle, Pantenheimer, Broto, Sicilia, Forteza, Carrió, ademais de artistas galegos e dos fotógrafos cos que colaborou), Universidade de Santiago de Compostela / Xunta de Galicia, 2003.

RECOMPILACIONES DE ESTUDOS SOBRE A SÚA OBRA

- RODRÍGUEZ FER, Claudio, *José Ángel Valente*, Madrid, Taurus, El Escritor y la Crítica, 1992. Contén traballos sobre o poeta (Andrés Sánchez Robayna, Juan Gelman), a poesía (María Zambrano, Pere Gimferrer, José Luis Cano, Andrew P. Debicki, Fanny Rubio, Claudio Rodríguez Fer), a poética (Ellen Engelson Marson, José Olivio Jiménez, Antonio Domínguez Rey), os poemarios (Emilio Alarcos Llorach, Carlos Bousoño, Oreste Macrì, José-Miguel Ullán, Jorge Rodríguez Padrón, Joaquín González Muela, Jacques Ancet, Juan Goytisolo, Edmond Amran El Maleh, Carmen González-Marín, Miguel García-Posada, Carmen Martín Gaité), os poemas (Gustav Siebenmann, Marina Mayoral, Mario Postigo), o poético (Antón Risco, Santiago Daydí-Tolson, Armando López Castro, Dionisio Cañas, Miguel Mas, Julian Palley, Eva Valcárcel), a narrativa (Milagros Polo) e o ensaio (José Lezama Lima, Luis Goytisolo).
- RODRÍGUEZ FER, Claudio, *Material Valente*, Gijón, Júcar, 1994. Contén traballos sobre a poesía (José Manuel González Herrán, Santiago Daydí-Tolson, Julian Palley, Ellen Engelson Marson, Antonio Domínguez Rey, Armando López Castro, Arthur Terry, Petra Strien) e a prosa (Antón Risco, Marina Mayoral, Milagros Polo, Jorge Rodríguez Padrón, Eva Valcárcel).
- HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Teresa, *El silencio y la escucha: José Ángel Valente*, Madrid, Cátedra / Ministerio de Cultura, 1995. Contén traballos sobre o creador (Antonio García Berrio, Fernando García Lara, José M. Cuesta Abad, Rafael Morales Barba, Edmon Amran El Maleh, Juan Goytisolo) e sobre a obra (Claudio Rodríguez Fer, Jacques Ancet, Andrew P. Debicki, Andrés Sánchez Robayna, Teresa Hernández Fernández, Paolo Valesio).
- AA. VV., *En torno a la obra de José Ángel Valente*, Madrid, Alianza, 1996. Contén traballos de Jacques Ancet, Américo Ferrari, Rosa Rossi, Andrés Sánchez Robayna, Giorgio Agamben, José Jiménez, Emilio Lledó e Claudio Rodríguez Fer.
- FERNÁNDEZ QUESADA, Nuria, *Anatomía de la palabra*, Madrid, Pre-Textos, 2000. Contén traballos de Claudio Rodríguez Fer, César Real Ramos, Juan Goytisolo, Luis Alonso Schökel, José Luis Pardo, Fernando García Lara, Andrés Sánchez Robayna e Nuria Fernández Quesada.

Libros monográficos

- ENGELSON MARSON, Ellen, *Poesía y poética de José Angel Valente*, New York, Eliseo Torres & Sons, 1978.
- POLO, Milagros, *José Angel Valente. Poesía y poemas*, Madrid, Narcea, 1983.
- DAYDÍ-TOLSON, Santiago, *Voces y ecos en la poesía de José Angel Valente*, University of Nebraska, Lincoln, 1984.
- MAS, Miguel, *La escritura material de José Angel Valente*, Madrid, Hiperión, 1986.

- VALCÁRCEL, Eva, *El fulgor o la palabra encarnada (Imágenes y símbolos en la poesía última de José Ángel Valente)*, Barcelona, PPU, 1989.
- LÓPEZ CASTRO, Armando, *Lectura de José Ángel Valente*, Universidad de León / Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- LACALLE CIORDIA, María Ángeles, *La palabra lugar de encuentro*, Tudela, Imprenta Castilla, 1998.
- LÓPEZ CASTRO, Armando, *Pájaro y enigma. Estudios sobre José Ángel Valente*, Ourense, Abano e Deputación, 2000.
- LACALLE CIORDIA, María Ángeles *La poética de José Ángel Valente*, Pamplona, Gobierno de Navarra, 2000.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Manuel, *Análisis integral de la narrativa de José Ángel Valente*, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2000 e, en CD-Rom, Universidade de Santiago de Compostela, 2001.
- LÓPEZ CASTRO, Armando, *En el límite de la escritura. Poesía última de José Ángel Valente*, Ourense, Abano e Deputación, 2002.
- PEINADO ELLIOT, Carlos, *Unidad y trascendencia. Estudio sobre la obra de José Ángel Valente*, Sevilla, Alfar, 2002.
- DOMÍNGUEZ REY, Antonio *Limos del verbo (José Ángel Valente)*, Madrid, Verbum e UNED, 2002.
- PARDO, José Luis, *Fragmentos de un libro anterior*, Santiago de Compostela, Cátedra José Ángel Valente, 2004.

Números monográficos de revistas

- Quimera*, 39-40, Barcelona, 1984.
- Syntaxis*, 18, Tenerife, 1988. Coordinación de Andrés Sánchez Robayna.
- Espacio / Espaço Escrito*, 6-7, Badajoz, 1991, e 17-18, Badajoz, 1999-2000. Coordinación de Ángel Campos Pámpano.
- Poésie* 93, 48, París, 1993. Coordinación de Jacques Ancet.
- Ínsula*, 570-571, Madrid, 1994. Coordinación de Claudio Rodríguez Fer.
- Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, 3, Sada – A Coruña, 1998. Coordinación de Claudio Rodríguez Fer.
- Moenia. Revista de Lingüística & Literatura*, 6, Universidade de Santiago de Compostela, 2000. Coordinación de Claudio Rodríguez Fer.
- Cuadernos Hispanoamericanos*, 600, Madrid, 2000. Coordinación de Eva Valcárcel.
- Zurgai. Euskal Herriko olerkiaren aldizkaria / Poetas por su pueblo*, sen núm., Bilbao, 2001. Coordinación de Pablo González de Langarika.
- Rosa Cúbica*, 21-22, Barcelona, 2001. Coordinación de Alfonso Alegre Heitzmann.
- Microfisuras. Cadernos de pensamento e creación*, 13, Vigo, 2001.
- Hablar / Falar de Poesía*, 5, Badajoz - Lisboa, 2001. Coordinación de Claudio Rodríguez Fer.